

4º BUDIÑOR RAID 2018

BAIXO MIÑO

SÁBADO 27 OUTUBRO

5ª PROBA da LIGA GALEGA DE RAIDS DE ORIENTACIÓN e CAMPIONATO GALEGO 2018

colaboran:

Tomino
CONCELLO



información:
www.fegado.es
www.aforna.org

 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA

organiza:



BOLETÍN 1

01 DESCRIPCIÓN DA PROBA.

Un **raid de orientación** é unha "**Competición multidisciplinar** destinada a probar a capacidade de **resistencia**, de **navegación** e de **supervivencia** de **equipos en completa autonomía**. Os equipos deben completar un extenso percorrido no menor tempo posible, superando as dificultades naturais que atopen o seu paso utilizando exclusivamente as súas forzas, sen recibir axuda externa nin valerse de medios motorizados" (FEGADO).

Multidisciplinar porque ó longo do percorrido combínanse varias disciplinas deportivas de resistencia como son a Bicicleta de Montaña ou **BTT**, a carreira a Pé por Montaña ou **Trekking**, o **Kaiak**, o **Ráfting**, a **natación**, etc... intercalando ademais probas especiais puntuais como poden ser a **Escalada**, o **Rappel**, a **Tirolina**, probas de **Cordas**, de **Tiro**, etc...

De resistencia porque soen ser **de longa duración** e de **distancias largas**, transcorrendo por lugares con **importantes desniveis**.

Con navegación xa que o contrario de outras disciplinas de montaña en este tipo de probas o **percorrido** a realizar **non** se atopa **senalizado** "in situ" no terreo se non que este o **decide**, segundo a **estratexia** elixida, **cada equipo** coa única axuda dos **mapas** facilitados pola organización no momento da saída e un **compás**.

De estratexia xa que para a clasificación final non só conta o **tempo** empregado en realizar o percorrido, se non que en primeiro lugar valóranse os puntos conseguidos na visita os **puntos de control (Cp's)** visitados polos equipos.

Os terreos nos que se desenvolven este tipo de probas soen ser **en plena natureza**, discorrendo sempre polos lugares máis emblemáticos das zonas delimitadas polos mapas, e sempre respectando os ecosistemas das áreas polas que se circula.

O **4ºBUDIÑORAID** vai ser a **5ª proba da Liga Galega** de Raids de Orientación Raids 2018 o mesmo tempo que o **Campionato Galego** da disciplina, e vai a discorrer polo **BA IXO MIÑO**, nos **Concellos de TOMIÑO e O ROSAL**.

Un **raid de longa duración** xa que este ano vai ter un percorrido de uns **80 km.** de distancia repartidos en **1 Etapas** que inclúe **6 sectores** en total, para un tempo máximo de carreira de **10 horas** de carreira. Un Raid no que probablemente a gran parte dos equipos participantes non lles de tempo a visitar todos os puntos de control existentes, co cal terán que tirar de **estratexia** para elixir a mellor opción de percorrido segundo as súas condicións físicas para obter o maior número de puntos posible.

Dende a organización esperamos que todos os amantes deste deporte de Aventura, dende os mais experimentados competidores na **liga autonómica**, así como os mais novatos e inexpertos xa que imos a contar tamén con unha **categoría de iniciación**, vos acheguedes a disfrutar con nós do cuarto evento de este tipo que se celebra na zona para participar de unha experiencia inesquecible en un entorno inigualable.

02_ DISCIPLINAS e PROBAS ESPECIAIS.

O BUDIÑORAIID Terras do Tea 2018 contará coas seguintes disciplinas:

- **Trekking.**
- **BTT.**
- **Kaiak.**

E incorporará as seguintes **probas especiais** intermedias:

- **Probos de Cordas.**
- **Tiro con Arco.**
- **Orientación de Memoria.**

03_ CATEGORIAS, FORMATOS de EQUIPO e PARTICIPACIÓN.

A Proba vai incluír as seguintes categorías de competición baixo os seguintes formatos de equipo:

- **Élite**, Categoría Oficial obrigada con formato **3 compoñentes + asistencia**, 3 compoñentes sempre en competición e unha asistencia. Non se poderá relevar ós 3 compoñentes en carreira en ningún momento da proba. **Os equipos que non poidan dispoñer de asistencia o día do raid deberán notificarlo á propia organización para que esta asuma este papel.** Soamente se poderá asistir ó equipo nos puntos de Transición indicados a tal efecto.
- **Aventura**, Categoría Oficial obrigada con formato **2+1 reserva-asistencia**, 2 compoñentes sempre en competición e un posible reserva – asistencia, que poderá substituír ós seus compañeiros nos puntos indicados pola organización. **Os equipos que non poidan dispoñer de asistencia o día do raid (equipos pois de 2 corredores so) deberán notificarlo á propia organización para que esta asuma este papel.** Soamente se poderá asistir ó equipo nos puntos de Transición indicados a tal efecto.
- **Orienta – Raid**: Categoría non Oficial con formato **2+sen límites**, 2 compoñentes sempre en competición e sen límite de compoñentes reservas-asistencias, que poderán substituír ós seus compañeiros nos puntos indicados pola organización. **Os equipos que non poidan dispoñer de asistencia o día do raid (equipos pois de 2 corredores so) deberán notificarlo á propia organización para que esta asuma este papel.** Soamente se poderá asistir ó equipo nos puntos de Transición indicados a tal efecto.

Para poder participar no BUDIÑORAIID_Baixo Miño 2018 será obrigatorio que **todos os participantes** teñan **18 anos cumpridos**, e deben estar en posesión da **licenza de Raids** da FEDO, ben na súa versión anual, ou ben tramitando a licenza de un día, con un custe esta de **2 €**

Para que un equipo poida puntuar para a **liga galega de raids de orientación 2018** todos os seus membros do deberán ter tramitada a **licenza anual de raids 2018 da FEDO**.

4º BUDIÑORAID _Baixo Miño 2018

Para poder ser proclamado **Campión Galego**, nas Categorias Élite e Aventura, é necesario que o **equipo** compita en formato **mixto**, que **todos** os compoñentes **teñan a licenza federativa anual** cun clun Fegado e que corran para **un clube** que se encontre dado de alta na Fegado.

04_ DISTANCIA, SECCIÓNS e DURACIÓN.

O BUDIÑORAID 2018 vai a disputarse en **1 única Etapa**, sobre as seguintes **distancias**, repartidas nos seguintes **sectores**, e para o seguinte **tempo máximo** para cada unha das categorías que se acaban de citar:

Categoría	Etapas	Distancia	Sectores	Tempo Máximo	Días
Élite	1	80 km.	6	10 horas	Sábado 27
Aventura	1	80 km.	6	10 horas	Sábado 27
Orienta-Raid	1	50 km.	7	10 horas	Sábado 27

05_ REGULAMENTOS.

O ser o **BUDIÑORAID Baixo Miño** unha das probas puntuables para da **liga Galega de Raids de Orientación 2018**, ademais do **Campionato Galego** da disciplina, este estará suxeito tanto o **Regulamento de raids 2018 da FEGADO**, o cal se pode consultar no seguinte enlace:

<http://fegado.es/web/uploads/documents/file/b21/5a861ffab4-052-rgto-fegado-raid-2018-21-enero-2018.pdf>

Así como ás **Normas Anuais de Raid 2018 da FEGADO**, que tamén se poder ver no enlace posto a continuación:

<http://fegado.es/web/uploads/documents/file/710/5aa04d3997-03-normas-anuales-raid-2018-aprobadas-21-enero-2018.pdf>

06_ INSCRICIÓNS, PRAZOS e PREZOS.

As inscricións para esta proba estarán abertas dende o **Domingo 7 de Outubro** de 2018 **ás 23:59 h.** ata o **Domingo 21 de Outubro** de 2018 **ás 23:59 h.**, e serán as seguintes:

- **Élite:** O prezo da inscrición por equipo será de **54€** ata o **Martes 16 de Outubro as 22:00** horas e de **65€** dende o día 17 ata as **22:00 h. do Martes 23 de Outubro.**

- **Aventura:** O prezo da inscrición por equipo será de **54€** ata o **Martes 16 de Outubro as 22:00 horas** e de **65€** dende o día 17 ata as **22:00 h. do Martes 23 de Outubro**.
- **Orienta-Raid:** O prezo da inscrición por equipo será de **30€ + 5€/persoa** ata o **Martes 16 de Outubro as 22:00 horas** e de **42€ + 5€/persoa** dende o día 17 ata as **22:00 h. do Martes 23 de Outubro**.

Para todas as categorías os membros do equipo que non teñan licenza anual de Raid terán que tramitar **a licenza de proba** cun custe adicional de **2€** por persoa .

Cada compoñente dos equipos **Élite e Aventura** e un dos compoñentes da categoría **Orienta-Raid**, precisarán dunha **tarxeta Sport - Ident** para o control das picadas. Se non se dispón da mesma a organización procederá a alugarlle unha cun custe adicional de **3€** por persoa (**a perda ou rotura da mesma suporá o pago de 28€**).

A organización pon a disposición de todo aquel que o desexe o **Albergue de Figueiró** (Tomiño) para poder **dormir á noite do Venres 26** de Outubro a partires das 20:00 da tarde con un custo de **2€ / persoa** a modo de donativo ó citado albergue.

A organización tamén ten un convenio de colaboración co **Hotel Nueva Colina** (<http://www.nuevacolina.com/nueva/booking.html>) sito na mesma Praza do Concello de Tomiño de onde vai partir e terminar o Raid, polo cal os corredores poden solicitar pasar a noite do Venres 26 a un **prezo especial** para os mesmos dirixíndose directamente a eles.

A organización tamén ten un convenio de colaboración co **Ximnasio Centro VYP** (<https://www.paxinasgalegas.es/centro-vyp-524647em.html>) sito no Aparcadoiro dos vehículos do Raid, moi preto da mesma Praza do Concello de Tomiño, polo cal os corredores poden usar gratuitamente o Servizo de Duchas o Sábado 27 , unha vez terminado o Raid, de un xeito totalmente gratuito.

As inscricións faranse obrigatoriamente a través da plataforma <https://tracktherace.com> , que prestará o servizo de **seguimento da proba en tempo real a través de GPS**. Para isto cada equipo deberá portar durante toda a proba un pequeno dispositivo GPS.

Estas cotas de inscrición que se veñen de indicar inclúen os seguintes servizos durante a proba:

- **1 Camiseta de SUMIPOR** conmemorativa da proba para todos os participantes.
- **1 Bolsa de corredor de RODOSA** conmemorativa da proba para todos os participantes.
- **2 Dorsal** por corredor (camelback e btt)
- **2 Xogos de Mapas de Carreira** por equipo.
- **1 Mapa de Asistencias** por equipo.
- **1 Raid – Book** por equipo.

- **1 Pulseira Inviolable** por corredor para a suxeición das tarxetas SI
- Aluguer de **1 Kaiak**, **2 chalecos salvavidas** e **2 pás** para a sección de **kaiak**.
- Servizo de **Ambulancia** durante a proba.
- **Avituallamento líquido** nas Transicións e puntos estratéxicos das seccións longas.
- **Pincho** de confraternidade para todos os participantes ó remate do evento.
- **1 Trofeo por corredor** para os 3 primeiros equipos clasificados en cada categoría oficial.
- **1 Medalla por corredor** para os 3 primeiros equipos clasificados en cada categoría oficial do Campionato Galego.

Os equipos deberán traer, e portar no seu caso, o resto de material obrigatorio do raid, tanto o xeral da proba como o específico para a proba especial de Rappel, a excepción das categorías de Orienta-Raid este último.

07_ CLASIFICACIÓNS e PREMIOS.

Neste raid existirá unha clasificación independente para cada unha das seguintes categorías:

- **Élite.**
- **Aventura.**
- **Orienta – Raid.**

Asimesmo recibirán trofeo todos os compoñentes dos equipos nas seguintes categorías:

- **Élite.**
- **Aventura.**

Os equipos clasificaranse por orde atendendo os seguintes criterios:

1º_ **Á Suma Total dos puntos** obtidos nos controis visitados (cada punto de control terá un valor diferente en función da dificultade física e técnica para a súa obtención)

2º_ **Ó Tempo Total** invertido no raid para a obtención de estes puntos. Este obtense o restarlle ó tempo real invertido as bonificacións ou neutralizacións e sumarlle as penalizacións acumuladas por cada equipo.

Para que un **Equipo puntúe como Mixto**, tanto na **Liga Galega** de Raids de Orientación 2018 como no Campionato Galego, debe **formar como mixto** a lo menos en **3 dos 6 sectores do Raid**.

o8_ ORGANIZACIÓN e CONTACTO.

Este evento está organizado polo **BudiñoRAID**, a sección de Orientación da **Asociación Deportiva A FORNA de Budiño**, unha das 2 operativas en este momento. Esta asociación deportiva ten a súa sede no **Centro Cultural A FORNA de Budiño**, no concello de O Porriño.

Esta sección foi creada no ano 2012, ano no que empezou a competir en diversas probas do calendario galego da **Federación Galega de Orientación**, tanto en carreiras de Orientación a Pé, como en BTT ou en Raids de Orientación.

Co fin de expoñer toda a información, así como escoitar e tratar de clarear calquera dúbida sobre esta proba a citada asociación vai a poñer ó voso dispor os seguintes medios de contacto:

- E-mail: budinhoraid@gmail.com
- Páxina en Facebook: https://www.facebook.com/BUDI%C3%91ORAID_TerrasdoLouro-1626057347608405/?ref=bookmarks
- WEB da Asociación: <http://www.aforna.org>
- WEB da Fegado: <http://www.fegado.es>
- WEB de Tracktherace: <https://tracktherace.com>


o9_ PATROCINADORES e COLABORADORES.

Non sería posible levar a cabo a organización de este ambicioso proxecto sen a incondicional axuda das principais entidades colaboradoras que son as seguintes:

Tomíño
CONCELLO



**CONCELLO
DO ROSAL**



Sumipor
SUMINISTROS INDUSTRIALES



AC2L
arquitectura



RENAULT

RODOSA

VIGO - NIGRÁN - CANGAS - PONTEAREAS

www.rodosa.com

